

ANUNCIO

Asunto: PRIMEIRA ACTUALIZACIÓN DA LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A (GRUPO: A; SUBGRUPO: A2; ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: TÉCNICA) DO CONCELLO DE FENE

Faise público que en data 17.04.2024 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 457/2024 cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa, dispón:

PRIMEIRO.- Determinar, ao abeiro da base 9.4, o pase ao último lugar na lista de Clara María García Rodríguez por renunciar a un posto de traballo unha vez producida a toma de posesión.

SEGUNDO.- Acordar a baixa definitiva de Plácido Celestino Vidal Allo da lista de aspirantes a arquitecto técnico aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 1184/2023 do 09.11.2023 por rexeitamento inxustificable de chamamentos.

TERCEIRO.- En consecuencia do anterior, actualizar a lista de aspirantes a arquitecto técnico derivada da convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes a arquitecto técnico, mediante o sistema de oposición aprobada por Resolución da alcaldía 859/2023 quedando conformada a lista como segue:

| Posición | Apelidos e nome | Puntuación |
|----------|------------------------------|------------|
| 1. | Marcos Fernández Vieito | 10,266 |
| 2. | Fco. Javier Noya Méndez | 9,794 |
| 3. | Juan Antonio Martínez Ruibal | 8,194 |
| 4. | Susana María Abelleira Lence | 8,15 |
| 5. | Clara María García Rodríguez | 13,259 |

CUARTO.- Notificar o punto primeiro desta resolución a Clara María García Rodríguez.

QUINTO.- Notificar o punto segundo desta resolución a Plácido Celestino Vidal Allo.

SEXTO.- Indicarlle aos interesados que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativo podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderán impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

SÉTIMO.- Facer pública a actualización da listaxe mediante un anuncio no taboleiro de edictos e na páxina web do concello aos efectos do previsto no punto 8 das bases.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey

G-0
096
150
P-
F-
C1